

Polos Creativos 2025-2026

No marco da Programación Xeral Anual, considérase fundamental integrar os Polos Creativos como espazos de innovación, aprendizaxe e desenvolvemento das competencias do alumnado. Estes espazos están destinados a fomentar a creatividade, o pensamento crítico, a colaboración e a resolución de problemas mediante proxectos interdisciplinares e actividades prácticas que impulsen o talento e a iniciativa persoal.



POLOS CREATIVOS

A través dos Polos Creativos, preténdese ofrecer un ambiente que combine recursos tecnolóxicos, artísticos e metodolóxicos para facilitar unha aprendizaxe activa e significativa, adaptada ás demandas da sociedade actual e ás novas formas de comunicación e expresión. Ademais, estes espazos contribúen a promover a inclusión e a diversidade, favorecendo que todo o alumnado poida participar e desenvolver as súas capacidades ao máximo.

En consecuencia, a Programación Xeral Anual inclúe accións específicas para o deseño, implementación e avaliación das actividades realizadas nos Polos Creativos, co fin de garantir a súa continuidade e impacto positivo no proceso educativo.

Accións específicas para o deseño, implementación e avaliación das actividades nos Polos Creativos

1. Organización e xestión do material dos Polos Creativos:

- Realización dun inventario completo do material dispoñible, incluíndo recursos tecnolóxicos, artísticos e de creación.
- Clasificación e catalogación do material segundo a súa tipoloxía e uso didáctico, facilitando o acceso e o control do mesmo.
- Rotulación e organización dos espazos e recursos para garantir unha utilización eficiente e segura.
- Actualización periódica do inventario e reposición do material deteriorado ou obsoleto.
- Promoción do uso responsable e coidado dos recursos por parte do alumnado e profesorado.

1.2 Dotación de material dos Polos Creativos

O centro educativo foi dotado con diverso material tecnolóxico, artístico e científico no marco do programa Polos Creativos, impulsado pola Consellería de Educación. Estes recursos teñen como finalidade favorecer o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares e fomentar a creatividade, a innovación e o pensamento crítico do alumnado.

Así mesmo, o centro xa contaba con anterioridade con determinados recursos vinculados ao ámbito da creación, da tecnoloxía e da experimentación, que se integran agora no Polo Creativo para optimizar o seu uso educativo e favorecer unha xestión conxunta dos espazos e materiais.

A continuación detállase a relación do material que co que contamos ata o momento:

1) Equipamento tecnolóxico e de creación dixital

- Cortadora láser Mr Beam e accesorios básicos para electrónica e prototipado.
- Wacom Bamboo Folio: Caderno dixital intelixente con funda.
- Wacom Intuos Small: Tableta gráfica para debuxo e edición.
- U-Board Tableta gráfica.
- Tablets Lenovo Tab P11
- Croma / Set de gravación con pantalla verde para proxectos audiovisuais.

- Impresoras 3D
- Lapis 3D.

2) Electrónica e prototipado

- Kits de electrónica básica: inclúen panel solar, motor e cadernos de actividades, así como kits de circuitos de papel con cinta e témpera condutora JOVI ElectriPaint.
- Kits de electrónica avanzada

3) Robótica educativa e programación

- Kits de robótica e programación para Educación Infantil.
- Escornabots.
- Robots Mblock.
- VinciBot – Robot educativo con IA, visión artificial e programación en Python.
- Photon Kit de Intelixencia Artificial STEAM.
- Matata Studio – Kit de robot programable a partir de 4 anos.
- Cargadores, pilas recargables, portapilas e motores.

4) Recursos de construción e deseño

- Xogos de construción de madeira KAPLA.
- Xogos de construción KORBO.
- Xogos de construción magnéticos MAGSMARTERS.
- LegoEducation

5) Outros materiais e recursos complementarios

- Impresora/multifunción A3.
- Equipo de plastificado e corte.
- Estabilizador para portátil/móvil
- Micrófono
- Radio

O inventario de material será revisado e actualizado anualmente para incorporar novas dotacións, substitucións ou reposicións de material. A organización, catalogación e rotulación dos recursos garantirán unha xestión eficiente e segura do espazo do Polo Creativo, promovendo ao mesmo tempo o uso responsable por parte do alumnado e profesorado.

2. Deseño das actividades:

- Identificación das áreas e temáticas interdisciplinares que se poden traballar nos Polos Creativos, tendo en conta os intereses e necesidades do alumnado.
- Elaboración de propostas de proxectos e tarefas que fomenten a creatividade, a innovación e o pensamento crítico.
- Coordinación co profesorado para integrar as actividades dos Polos Creativos nos distintos ámbitos curriculares.
- Selección e preparación dos recursos materiais e tecnolóxicos necesarios para desenvolver as actividades.

3. Implementación das actividades:

- Organización de sesións regulares no Polo Creativo, promovendo a participación activa e colaborativa do alumnado.
- Acompañamento e dinamización das actividades por parte do profesorado e persoal especializado.
- Adaptación das actividades para garantir a inclusión e a atención á diversidade do alumnado.
- Fomento da autonomía e iniciativa persoal durante o desenvolvemento dos proxectos creativos.

4. Avaliación das actividades:

- Establecemento de criterios e instrumentos de avaliación cualitativa e cuantitativa centrados no proceso e nos resultados das actividades.
- Recollida de valoracións e suxestións do alumnado, profesorado e familias para a mellora continua dos Polos Creativos.
- Seguimento do impacto das actividades no desenvolvemento das competencias clave e na motivación do alumnado.
- Elaboración de informes anuais que permitan reflexionar sobre os logros e desafíos, e definir estratexias para a continuidade e ampliación das actividades.

5. Formación e difusión das experiencias:

- Participación do coordinador en accións formativas e grupos de traballo dirixidas a coordinadores de polos creativos de Galicia.
- Participación do profesorado en accións formativas específicas relacionadas coa creatividade, a tecnoloxía e as metodoloxías activas.
- Intercambio de boas prácticas e experiencias entre o profesorado implicado.
- Difusión das actividades e proxectos realizados a través da web do centro, redes sociais e exposicións.
- Implicación das familias e da comunidade educativa na valoración e coñecemento das experiencias desenvolvidas.
- Promoción da visibilidade do traballo do alumnado como elemento motivador e de recoñecemento do esforzo colectivo.